

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DE GRAO E MÁSTER

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

O Servizo Galego de Saúde formalizou o 19.05.2021 coa Universidade de A Coruña (en diante, UDC) o convenio arriba referido por un período de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

O instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas externas a través dos cales os/as estudantes poidan complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.

A devandita formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

No anexo que acompaña ao convenio relaciónanse as titulacións oficiais de grao e máster da UDC cuxos períodos de formación práctica poden ser obxecto deste convenio.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

O instrumento convencional fundamentase en que:

1 A UDC é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa lei orgánica de universidades, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe dos/as estudantes e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

2 O Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A dita complexidade, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudantes de múltiples titulacións universitarias, sanitarias e non sanitarias, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

3 A UDC ten a vontade de potenciar a realización de formación, especializada e prácticas en centros, unidades e servizos integrados na consellería de Sanidade ou no Servizo



Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación dos/as seus/súas alumnos/as.

4 O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario, prevé no seu artigo 24 o establecemento de convenios con empresas e institucións, para a realización de prácticas académicas externas.

5 Tanto a Consellería de Sanidade coma o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas desde as universidades.

6 Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

7 O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

8 É vontade destas institucións intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito asistencial, facilitando o achegamento do alumnado universitario á realidade profesional e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos das distintas disciplinas que adquiren na Universidade.



Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para favorecer á consecución de obxectivos comúns. Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

